



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Xestión Turística do Patrimonio		Código	662G01025
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaDereito PúblicoEconomíaSocioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Crecente Maseda, Mario	Correo electrónico	mario.creciente@udc.es	
Profesorado	Crecente Maseda, Mario	Correo electrónico	mario.creciente@udc.es	
Web				



Descrición xeral

Con este programa preténdese unha comprensión da diversidade das dinámicas culturais e as políticas patrimoniais tanto dende o punto de vista natural como cultural. Establécese como obxectivo prioritario a formación na planificación social e na xénese de modelos de proxectos socioculturais e turísticos para unha posta en valor dos bens patrimoniais nunhas estratexias de desenvolvemento socioeconómico, tendo en conta a valoración dos procesos identitarios. Reflexiónase tamén sobre as tendencias e os retos culturais que emerxen na nosa sociedade.

Tentarase tamén aproximar ós alumnos e alumnas á Interpretación do Patrimonio como disciplina ou ferramenta axeitada para conferir ese uso social que debe ter o patrimonio, de xeito que este poda ser percibido, e que produza unha actitude positiva do público visitante con respecto ó recurso. A Interpretación poderíase definir, tal como o fai a Asociación para a Interpretación do Patrimonio como a arte de revelar in situ o patrimonio ó público visitante no seu tempo de ocio.

Polo tanto, esta materia tratará de dotar aos alumnos do coñecemento científico e da metodoloxía precisa para a análise dos bens patrimoniais e o turismo , e o posterior desenvolvemento de políticas culturais e turísticas que leven a un maior coñecemento e conservación do patrimonio cultural e natural, a un incremento na satisfacción dos visitantes e a unha maior calidade de vida da poboación local.

Fontes multimedia elaboradas polos profesores (a disposición do alumnado en Moodle):

Presentacións en Power Point 1 e 2

Autor: José Leira

P1: Explicación xeral da materia

P2: Planificación e xestión de novos produtos e destinos turísticos de patrimonio cultural e natural

Ademáis, na plataforma Moodle, os profesores porán a disposición do alumnado unha serie de documentos en pdf para consulta voluntaria, de gran utilidade para complementar a materia ou o futuro profesional.

TRABALLOS

Os traballos propostos para esta materia, tal como se explica no apartado de avaliación, son dous.

Traballo do profesor Leira: consiste na lectura de catro breves textos propostos polo profesor, sobre os que os alumnos



terán que facer unha recensión. Extensión máxima, 6 páxinas

Partes das que constará o traballo:

1-Breve resumo das lecturas

2-Comentario crítico final que relacione o contido dos textos coas posibilidades de deseñar un proxecto de desenvolvemento socioeconómico do territorio baseado nun turismo que se sinta atraído polos bens culturais e patrimoniais.



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>A AFECION DO COVID ATOPOUNOS CO CURSO AVANZADO, E EXAMES PARCIAIS E TRABALLOS XA PRESENTADOS, CO QUE NON AFECTA O DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE AVALIACION. AFECTA A METODOLOXIA ENCANTO DEBIMOS SUSPENDER UNHA VIAXE PRACTICA XA PROGRAMADA, E ELIMINAR OUTRA PREVISTA, ASI COMO PRESENTACIONES DE PROFESORES CONVIDADOS.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>MANTEÑENSE OS SISTEMAS DE AVALIACIÓN, CON DOUS EXAMES REALIZADOS E DOUS TRABALLOS PRESENTADOS, ASI COMO UN TRABALLO FINAL XA PREVISTO NA GUIA DOCENTE</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>SUSTITUIREMOS AS VISITAS PRACTICAS POR VISITAS VIRTUAIS, E AS PRESENTACIONES EN DIRECTO, POR PRESENTACIONES DE PROFESORES CONVIDADOS EN SOPORTE DIXITAL REMOTO.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>TITORIAS INDIVIDUALIZADAS POR TEAMS</p> <p>CORREO ELECTRONICO PARA DUBIDAS TFC TODALAS SEMANAS 6/8 ALUMNOS</p> <p>TODALAS SEMANAS 8/12 ALUMNOS</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>TRABALLOS E EXAMES PREVIOS (2 traballos é 2 exames) 50% 1º traballo grupo, 2º traballo parella é dous exames parciais individuais</p> <p>TRABALLO FINAL 50% TRABALLO FINAL DA ASIGNATURA</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>A future for the land cultural landscapes rural management & geographical information systems</p> <p>http://candidaturepatrimoine mondial.nice.fr/, https://turismo.ribeirasacra.org/, http://turismo.ribadeo.gal/,</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recordar os conceptos teóricos relacionados co patrimonio e os recursos no ámbito turístico			
Explicar o proceso da planificación interpretativa			
Determinar a presenza da Interpretación do patrimonio e avaliar a súa efectividade			
Interiorizar os principios da xestión do patrimonio e o seu valor e repercusións sociais			
Analizar textos e argumentar no ámbito do patrimonio			
Identificar as bases da disciplina da Interpretación do Patrimonio			
Explicar o proceso da planificación interpretativa			
Determinar a presenza da Interpretación do patrimonio e avaliar a súa efectividade			
Interiorizar os principios da xestión do patrimonio e o seu valor e repercusións sociais			
Analizar textos e argumentar no ámbito do patrimonio			
Identificar as bases da disciplina da Interpretación do Patrimonio			
Coñecer os principais axentes e instrumentos de organización e xestión do turismo no eido do patrimonio natural e cultural.			
Analizar as súas competencias e as características da xestión.			
Estudar e comprender o marco legal no que se insire esta actividade			



Familiarizarse cos distintos tipos de produtos turísticos relacionados co patrimonio e coñecer as distintas fases na súa creación e comercialización			
Aproximarse dun xeito real a algúns deses produtos polo contacto directo cos axentes que os desenvolven			
Profundizar na difusión do patrimonio, tanto na súa vertente didáctica como de promoción			
Poñer en relación a materia cos coñecementos xa adquiridos ao longo dos estudos do Grao en Turismo			
Ser capaces de desenvolver un proxecto de investigación e proposta de xestión a partir dun recurso real			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cultura, natureza e patrimonio.	1.1. Conceptos básicos 1.2. Recursos patrimoniais 1.3. Bens de interese cultural e natural 1.4. Patrimonio, turismo e xestión 1.5. Modelos de valor patrimonial
2. Do obxecto patrimonial ao produto turístico	2.1. Memoria colectiva, cultura e patrimonio: tres eixes do cambio social. 2.2. Recursos e produtos en turismo cultural 2.3. O turismo cultural como fenómeno socioeconómico 2.4. Políticas do patrimonio e planificación turística 2.5 Planificación, xestión e eficacia social
3. A Interpretación do Patrimonio	3.1. Historia e significado da interpretación do patrimonio. 3.2 Os principios da interpretación. 3.3. Interpretación e turismo 3.4. Interpretación como instrumento de xestión 3.5. Interpretación e comunicación 3.6. Medios interpretativos 3.7. Planificación interpretativa 3.8. Avaliación da interpretación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados		0	30	30
Lecturas		0	15	15
Sesión maxistral		25	0	25
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Pódese realizar de xeito presencial ou utilizando as novas tecnoloxías da información e as comunicacións.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Tanto os alumnos presenciais coma os no presenciais desenvolverán este tipo de traballo.</p>



Lecturas	<p>Lecturas que debe realizar o estudante a proposta dos textos sinalados polos profesores. Implica un incremento do coñecemento da materia e a formación do espírito crítico preciso. Considérase imprescindible no contexto en que se desenvolve esta formación.</p> <p>Establécense unhas lecturas obrigatorias tanto para os alumnos presenciais como para os non presenciais, tal como se especifica na avaliación. Engádense moitos documentos de lectura na plataforma Moodle, para que estean a disposición do alumnado, pero a súa lectura non é obrigatoria</p>
Sesión maxistral	<p>No MODO PRESENCIAL consta de clases teóricas para a presentación dos contidos da materia; así como, a discusión de temas de interese actual relacionados coa materia e / ou a realización de pequenos exercicios / probas de coñecementos teóricos / prácticos.</p> <p>Na MODALIDADE ON-LINE trátase de diferentes materiais teóricos / prácticos sobre os contidos de a materia a disposición dos estudantes para a lectura; así como, a discusión de temas de interese actual relacionados co tema a través de foros / debates en liña e / ou a realización de pequenos exercicios / probas de coñecemento teórico / práctico. Las clases maxistrais substitúense polas presentacións en power point detalladas sobre os contidos, con consultas a través do correo electrónico ou explicacións con grabacións ou por skype.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



<p>Lecturas</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Sesión maxistral</p>	<p>Durante o curso académico, prestarase atención personalizada e continua a todos os estudantes matriculados nesta materia, tanto para responder preguntas sobre as clases presenciais /on-ine como para abordar temas relacionados co traballo.</p> <p>paloma.more@udc.es mario.crecente@udc.es</p> <p>As clases impartiranse durante dúas semanas de forma presencial e atenderase aos alumnos on line. Resolveranse dúbidas cando sexa preciso, mesmo despois desas datas.</p> <p>O ensino desta materia combinará os seguintes métodos:</p> <p>Modalidade presencial</p> <ul style="list-style-type: none"> - Clases expositivas por parte dos profesores nas que se tratará de fomentar a participación do alumnado - Exercicios prácticos para desenvolver de xeito individual ou en grupo na clase - Lectura e análise de textos - Estudio de casos - Saída de campo - Incremento das horas de dedicación ao alumno para asesoralo nos puntos anteriores. <p>Modalidade a distancia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentacións da materia en Power Point, acompañados de arquivos de voz ou vídeos - Lectura de textos recomendados. Estudo de casos - Resolución de dúbidas on line - Foros de discusión - Contacto a través do correo electrónico e Skype <p>As pautas para os traballos na modalidade on line daranse a través da plataforma moodle. A atención ao alumnado farase a través da plataforma ou do correo electrónico dos profesores.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas		Lectura dos textos indicados polos profesores e, se é o caso, realización de comentarios críticos a partir das lecturas propostas polos profesores Paloma Moré e / ou Mario Crecente (en moodle e na aula).	20
Traballos tutelados		Análise pormenorizada dun lugar no que se empregue a Interpretación do Patrimonio como ferramenta de xestión. Seguiranse as pautas propostas polos Profesores Paloma Moré y/o Mario Crecente (plataforma Moodle). Extensión máxima: 10 páxinas Este traballo será correxido polos profesores Moré y/o Crecente	70
Sesión maxistral		Asistencia e participación obrigatoria que se valorarán tendo en conta a implicación dos estudantes en sesións presenciais (modalidade presencial) ou participación activa e razoada en foros / debates, tarefas colaborativas, titorías virtuais, ... (modo online).	10



Observacións avaliación

Asistencia e participación obrigatoria que se valorarán tendo en conta a implicación dos estudantes en sesións presenciais (modalidade presencial) ou participación activa e razoada en foros / debates, tarefas colaborativas, tutorías virtuais, ... (modo on-line).

A data límite para a entrega dos traballos ou as

participacións no foro (1) é arredor dun mes despois da etapa de docencia (11 de abril). Especificarase dun xeito máis concreto 15 días antes do comezo da materia.

(1) Prégase que as intervencións se fagan dun xeito progresivo a medida que se van consultando os materiais. O alumnado presencial que non poda asistir ás clases por causa xustificada, terá que comunicarse cos profesores para tratar de substituír a docencia perdida, seguindo as pautas do alumnado on line.

Fontes de información

Bibliografía básica

- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E ((2011)). El Sanatorio Riazor, una auténtica experiencia interpretativa. .En: Boletín de Interpretación nº 25, AIP. &quot;<http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/>
 - TILDEN, F. ((2006)). La interpretación de nuestro patrimonio. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla.
 - MIRÓ, M. ((2000)). El patrimonio en busca de su lugar en el mundo. Una reflexión sobre los modelos de puesta en valor del patrimonio en España&quot;. En: O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario.Leira, J. y Méndez, R. (coords.).Depu
 - PADRÓ, J. ((2000)). La gestión del patrimonio. Una perspectiva territorial&quot;. O patrimonio e a cultura proxectual.Un diálogo necesario.Leira y Méndez. Deputación da Coruña
 - LEIRA, J. ((1999)). Memoria colectiva, cultural y patrimonio.Tres ejes del cambio social&quot;. En: Historia Regional e Local (III). Cámara Municipal de Maia, Maia (Portugal)
 - LEIRA, J ((2003)). Cultura proyectual y turismo emergente&quot;. En: Sociología del Turismo, Rubio Gil, A. (Coord.), Editorial Arie
- As catro primeiras referencias son as de lectura obrigatoria para o traballo do profesor Leira
As catro primeiras referencias son as de lectura obrigatoria para o traballo do profesor Leira



Bibliografía complementaria	<p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. ((2004)). A reinterpretación do patrimonio como cultura e economía : os casos de Galicia e Illes Balears&amp;quot;. En: Actas do XV Congreso Nacional de Historia da Arte, Universitat de les Illes Balears, Palma de Ma</p> <p>- GONZÁLEZ, M., LEZCANO, M:E. y SERANTES, A. ((2014)). Interpretación do patrimonio artístico: guía para profesionáís do turismo. CEIDA (Centro de Extensión UNiversitara e Educación Ambiental de Galicia, Oleiros, A Coruña</p> <p>- PRENTICE, R. ((1993)). Tourism and heritage atractions. Routledge, London.</p> <p>- VEVERKA, J. ((1998)). Interpretive master planning. Accorn Naturalists</p> <p>- LEIRA , J. ((2001)). &amp;quot;El turismo cultural como sistema dinamizador. Eficacia y planificación social&amp;quot;. En: Desenvolvemento e planificación municipal do turismo. Álvarez Sousa, , A. (Coord.). Ariel, Madr</p> <p>- LEIRA , J. ((2011)). La interpretación necesaria en el Turismo Cultural. De los principios de Tilden a los procesos actúales&amp;quot;. En: Teoría sociolóxica y turismo. Álvarez Sousa, A., (Ed.). Netbiblo, Oleiros (A Coruña. ?</p> <p>- LEIRA , J. ((2007)). Europa: As raíces da construción de novas identidades. Claves reflexivas para un debate&amp;quot;. En: Aulas no Camiño. Diálogos nun Camiño da Cultura Europea. Leira, X. (ed.). Servizo de publicació</p> <p>- HAM, S. ((2015)). Interpretación: para marcar la diferencia intencionadamente. Asociación para la Interpretación del Patrimonio (AIP; Valladolid</p> <p>- HAM, S. ((1992)). Environmental Interpretation. A practical guide for people with Big Ideas and Small Budgets. Fulcrum Publishing, Colorado.</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. ((1999)). Novas tendencias en Museoloxía: A Interpretación do patrimonio&amp;quot;. En: Actas do congreso Desenvolvemento Municipal do Turismo, Universidade da Coruña, A Coruña.</p> <p>- MORALES, J. ((2008)). El sentido y metodología de la interpretación del patrimonio&amp;quot;. En: La comunicación global del patrimonio cultural. MATEOS RUSILLO, S.M. (coord.). Ediciones trea,</p> <p>- MORALES, J. ((1998)). Guía práctica para la Interpretación del Patrimonio. Instituto Andaluz del Patrimonio, Sevilla</p> <p>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E ((2012)). El Camino de San Andrés de Teixido: Una experiencia turística auténtica, emocional e integral&amp;quot;. En: Actas del I Congreso Internacional EJTHR, Destination Branding, Heritage an Authenticity.ISBN 97</p> <p>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIATrátase dunha listaxe de lecturas recomendadas (servirán de consulta para os traballos), non son de obrigada lectura:Na plataforma Moodle, inclúense unha serie de documentos en pdf, artigos, manuais, que non son de lectura obrigatoria, senón de apoio á docencia. Sirven de consulta ao alumnado o están pensadas para un uso futuro.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Na plataforma Moodle, inclúense unha serie de documentos en pdf, artigos, manuais, que non son de lectura obrigatoria, senón de apoio á docencia. Sirven de consulta ao alumnado o están pensadas para un uso futuro.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías